

PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de sociedade, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídelles que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Friedrich Nietzsche, a súa crítica á moral tradicional platónico-cristiá e a necesidade da transvaloración dos valores, así como os conceptos de nihilismo e superhome. Tamén recorda a súa célebre afirmación: "Deus morreu. Deus permanece morto. E nosoutros matámolo" e "o home é algo que debe ser superado" Relacione estas ideas coa noticia e elabore un artigo divulgativo co título: "Arte, moral e transgresión: unha ollada nietzscheana". 20 liñas máx.

"Abogados Cristianos pide a la justicia que censure una exposición en Gran Canaria en la que aparecen imágenes religiosas dentro de preservativos"

A Fundación Española de Abogados Cristianos solicitou ao xulgado contencioso-administrativo de Las Palmas que suspenda a inauguración da exposición Poéticas del deseo, do artista José Luis Luzardo. A mostra inclúe obras nas que se representan imaxes relixiosas, como virxes, santas e incluso o Papa, dentro de preservativos de cristal. A organización considera que a exposición vulnera o dereito fundamental á liberdade relixiosa e ofende os sentimentos dos cristiáns.

O artista defende que a súa obra é unha metáfora visual que cuestiona o discurso da Igrexa sobre a preservación da virxidade feminina, preguntándose: "¿Que mellor maneira de preservala que en preservativos?". A exposición forma parte do programa expositivo do Centro de Artes Plásticas de Gran Canaria, dependente da Consellería de Cultura do Cabildo insular.

Adaptado de eldiario.es, abril de 2025.

**PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)**

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de política, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídelles que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Friedrich Nietzsche, a súa crítica á moral tradicional platónico-cristiá e a necesidade da transvaloración dos valores, así como os conceptos de nihilismo e superhome. Tamén recorda a súa célebre afirmación: "Deus morreu. Deus permanece morto. E nosoutros matámolo." Relacione estas ideas coa noticia e elabore un artigo divulgativo co título: **"A moral imposta e a rebelión do individuo: unha perspectiva nietzscheana"**

**“O presidente dos obispos españois denuncia a 'decadencia moral' de Europa tras o apoio do Parlamento ao aborto”**

O presidente da Conferencia Episcopal Española (CEE) e arzobispo de Valladolid, Luis Argüello, criticou que o pleno do Parlamento Europeo aprobase unha resolución que defende o aborto como un dereito, cualificándoo como "o recoñecemento da decadencia moral". Argüello considera que, para a Eurocámara, o aborto "é un dereito humano contra a vida humana nacente" e que esta decisión "expresa a debilidade ética dos que o defenden". A resolución chama os gobernos a dar os pasos necesarios para que o dereito a un aborto "seguro e legal" quede consagrado na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Este debate reavivou a discusión sobre os valores morais na sociedade contemporánea e o papel das institucións relixiosas na política.

*Adaptado de El País, 2024*

### **PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIONES: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)**

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de política, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídelle que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Friedrich Nietzsche, a súa crítica á moral tradicional platónico-cristiá e a necesidade da transvaloración dos valores, así como os conceptos de nihilismo e superhome. Tamén recorda a súa célebre afirmación: "Deus morreu. Deus permanece morto. E nosoutros matámolo." Relacione estas ideas coa noticia e elabore un artigo divulgativo co título: **"A transvaloración dos valores no debate sobre a amnistía"**

**"Gallardón, sobre la amnistía: 'El debate no es si es constitucional o no, sino que el debate es si es moral o inmoral'"**

O exministro de Xustiza e exalcalde de Madrid, Alberto Ruiz Gallardón, considerou, en relación coa posible amnistía aos condenados polo 'procés', que o debate "non é se é constitucional ou non, senón que o debate é se é moral ou inmoral". En declaracións aos periodistas en Sevilla, Gallardón criticou que o presidente catalán, Pere Aragonés, tras intervir na Comisión de Comunidades Autónomas do Senado, marchase sen escoitar ao resto de presidentes autonómicos nin aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios. "Non é esa unha actitude que debe ter o representante ordinario do Estado na comunidade autónoma de Cataluña", apuntou. En canto ao contido da intervención de Aragonés, engadiu que "ninguén en España pode pedir nada que estea fóra da Constitución, e se o pide, debe saber que non o vai ter e que será un esforzo inútil que conducirá á melancolía". En relación coa posible amnistía aos condenados polo 'procés', indicou que "estamos abrindo un debate sobre algo que non se puxo encima da mesa". "O debate non é se é constitucional ou non é constitucional, o debate é se é moral ou é inmoral", apuntou o exministro, para quen o que hai que formularse é "se España se pode permitir unha desautorización desa natureza, á marxe da constitucionalidade dela, a un dos tres poderes do estado, que é o poder xudicial, e qué consecuencias pode ter iso para a convivencia". Agregou que lle preocupa tanto a convivencia entre cataláns e o resto dos españois como a convivencia entre os propios cataláns entre si.

*Adaptado de Europa Press, outubro de 2024*

A vinculación con Nietzsche dáse a partir da súa crítica á moral tradicional e a súa proposta dunha transvaloración dos valores:

**Crítica á moral tradicional:** Nietzsche argumenta que os valores morais dominantes na sociedade occidental derivan dunha tradición xudeocristiana e platónica que fomenta a submisión, a culpa e a negación da vida en favor de ideais abstractos. No caso da noticia, o debate sobre a amnistía fórmulase en termos morais (Gallardón di que "o debate non é se é constitucional ou non, senón se é moral ou inmoral"), o que remite á idea de que hai valores morais establecidos que determinan qué é xusto e que non. Nietzsche invitaría a cuestionar si estes valores son absolutos o si han sido construídos historicamente para manter un determinado orden de poder.

**A transvaloración dos valores:** Para Nietzsche, os valores tradicionais deben ser superados e reinterpretados. No contexto da amnistía, poderíamos preguntarnos se a condena aos líderes independentistas é un reflexo dunha orde moral tradicional que impón un tipo de obediencia ou se a amnistía representa un intento de cambiar eses valores. ¿É a amnistía unha forma de "crear novos valores" ou é simplemente unha reafirmación dun poder establecido que decide cando perdoar e cando castigar?

**O superhome e a vontade de poder:** Nietzsche defende que a humanidade se debe liberar de valores impostos e crear o seu propio camiño. No debate da amnistía, poderíamos preguntarnos se as decisións políticas que se están tomando responden a unha vontade real de transformación ou se, polo contrario, seguen sometidas a vellos valores e estruturas de poder.

### **PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)**

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de sociedade, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídelles que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Friedrich Nietzsche, a súa crítica á moral tradicional platónico-cristiá e a necesidade da transvaloración dos valores, así como os conceptos de nihilismo e superhome. Tamén recorda a súa célebre afirmación: "Deus morreu. Deus permanece morto. E nosoutros matámolo" e "o home é algo que debe ser superado" Relacione estas ideas coa noticia e elabore un artigo divulgativo co título: "**Liberdade de expresión e moral relixiosa: unha visión nietzscheana**". 20 liñas máx.

#### **“O Goberno reformará o delito de ofensa relixiosa en 2025 para 'garantir a liberdade de expresión e creación”**

O ministro de Xustiza, Félix Bolaños, anunciou que o Goberno impulsará este ano unha reforma do delito contra os sentimentos relixiosos co obxectivo de garantir a liberdade de expresión e creación artística. Esta medida chega despois dunha denuncia presentada pola organización Hazte Oír contra RTVE e a humorista LalaChus, quen durante a retransmisión das campanadas mostrou unha estampa do Sagrado Corazón de Xesús modificada coa imaxe da vaquiña do programa Grand Prix.

A reforma forma parte do Plan de Acción por la Democracia e busca adecuar o Código Penal á xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, garantindo que as expresións artísticas non sexan penalizadas por ofender crenzas relixiosas.

*Adaptado de HuffPost, xaneiro de 2025.*